

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE AGOSTO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día seis de agosto deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbese a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 30 de xullo de 2014.

ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase denegar a licenza para o parcelamento da parcela C5 do Sector Sur K, en dúas parcelas de 550 metros cadrados cada unha.

Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo, as seguintes actuacións: instalación dun ascensor en edificio existente, sito en solo urbano, na rúa San Roque, número 169; modificación de acceso ao ascensor e escaleiras no portal do edificio sito na avda. da Coruña, número 338; e mellora de accesibilidade no portal e substitución de ascensor do edificio sito na rampla de Claudio López, número 30.

Tamén se acorda conceder as seguintes licenzas: para modificación de cambio de localización de vivenda unifamiliar con licenza 1609/10 e legalización de ampliación da planta ático, sita en solo urbanizable delimitado, na rúa Barbeito, parcela de substitución 1, polígono 2, Louzaneta-Areeiras; para modificación de cambio de localización de vivenda unifamiliar con licenza 1610/10 e legalización de ampliación da planta ático, sita en solo urbanizable delimitado, na rúa Barbeito, parcela de substitución 3, polígono 2, Louzaneta-Areeiras; para reforma para mellora de acceso ao ascensor no portal do edificio de vivendas con licenza de construción número 325/69, sito en solo urbano, na rúa Lopo Lías, número 5; para a construción dunha estación de servizo vinculada a hipermercado sito en solo urbano, na estrada N-VI, p.k. 501,00; para instalación de ascensor para mantemento do uso existente, no edificio sito na rúa poeta Noriega Varela, número 20; para a rehabilitación de galpón apegado a vivenda, no ámbito do núcleo rural

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	07/08/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	Jv4MS1M+Z34gcWgV+3h/xw==	PÁGINA 1/2



Jv4MS1M+Z34gcWgV+3h/xw==

número 11.4, denominado Vilanova, parroquia Bóveda (Santalla de); para a rehabilitación de edificación tradicional e ampliación para vivenda unifamiliar, no núcleo rural tradicional de Cima de Vila+ Tabernas+ Toiriz, parroquia de Santiago de Piúgos; e para a modificación de cuberta e aproveitamento baixo cuberta para ampliación de vivenda de planta terceira en dúplex, no edificio sito na rúa Conde Pallares, número 6.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE


2. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento de funcionarias de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar as prazas de técnico/a en xardín de infancia, encadradas na escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Auxiliar, Grupo C (Subgrupo C1).

Así mesmo, acórdase o nomeamento de funcionarios de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar as prazas de delineante, encadradas na escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Auxiliar, Grupo C (Subgrupo C1).

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación: Jv4MS1M+Z34gcWgV+3h/xw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	07/08/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	Jv4MS1M+Z34gcWgV+3h/xw==	PÁGINA 2/2



Jv4MS1M+Z34gcWgV+3h/xw==